
ENCICLOPEDIA PERPLEXIDADE

ESCOLMA POÉTICA 1976 - 2023

Texto de **ANTÓN REIXA**

Prólogo de **XABIER CORDAL**

Encadernación rústica. 15 x 23,5 cm. 176 páx.

ISBN 978-84-19213-50-1. Rizomas. Faktoría K.

-Galicia, muller.

-Galicia, metáfora do mundo.

-Galicia, vou chamar por teléfono.


[De *O feminino dos países (Transporte de superficie)*, 1990]

Tras “Melancholema. Vida de mamarracho”, Antón Reixa recunha na colección *Rizomas* con “Enciclopedia perplexidade”, unha escolma dos seus poemarios publicados entre 1976 e 2023. Daqueles primeiros anos son “Crebade as liras”, “Silabario da turbina” e “A dama que fala” -ambos co Grupo Rompente- e “As ladillas do travesti”, aos que se sumaron nas dúas décadas seguinte obras como “Historia do rock and roll”, “Transporte de superficie”, “Ringo Rango” ou “Escarnio”. Os últimos vinte anos están marcados por títulos como “Látigo de algas”, “Leccións de cousas”, “Algo raro pasa raro”, “Michigan, acaso Michigan. Crónica de 18 días en coma”, “Outlet” e o recente “2ª man”.

É precisamente a pegada do tempo o que sitúa a Reixa nun “punto de vista perplexo sobre o mundo e sobre a vida”, ten afirmado o autor. “Cando habitas no absurdo militantemente e cres que o absurdo é un ben común, o único ecosistema individual é a perplexidade”, engade, argumentando que se trataría dunha “forma intelixente de escenificar o caos”.

No limiar o profesor e escritor Xabier Cordal refírese a Reixa como unha das figuras máis destacadas da cultura galega contemporánea que, ante a multiplicidade de facetas que compoñen a súa traxectoria (cine, televisión, radio, música, videoarte, performance...), ten a poesía no primeiro lugar. Analizando a súa obra, os primeiros títulos quedaban “a medio camiño entre o xesto pop/punk e a vangarda surrealista”. Do “surrealismo social” beben, precisamente, os seus versos, que abranguen unha extensa temática: a estrañeza do cotiá, as fraudes do idealismo, o inconsciente, a decadencia, o desexo e o tabú, a depredación capitalista, a violencia colonial en Galicia e noutros pobos próximos... resume Cordal.

Da sociedade en descomposición reflexiona amplamente este “suxeito perplexo” a base de frases sincopadas -funkí, reggae, rap e músicas fronteirizas son os seus referentes- que amosan a súa capacidade para observar “diálogos e territorios”. Aínda que nin sequera cando escribe prosa, teatro ou guiños para videoclips, “poucas veces deixa de ser poeta”.



- **Temática:** escolma poética.
- **Destinatarios:** lectores adultos.
- **Aspectos destacables:** vangardía, escrita automática, hibridación creativa; do autor de [“Melancholema. Vida de mamarracho”](#).

Antón Reixa

(Vigo, 1957)

Artista multimedia, escritor, autor de poemarios, obras de teatro e novelas, director e produtor de cine. Deixou a docencia pola música. É un dos representantes máis destacados da cultura galega: na poesía nos anos 70 coa fundación do *Grupo Rompente* e no rock subversivo de *Os Resentidos* nos 80, artífice de grandes himnos actuais e ao que sucedeu nos 90 o proxecto *Nación Reixa*. No eido audiovisual dirixiu a serie «Mareas Vivas» na TVG, que batiu marcas de audiencia, adaptou para a gran pantalla e dirixiu a novela de Manuel Rivas «O lapis do carpinteiro», ademais da longametraxe «Hotel Tivoli», e produciu na televisión autonómica o programa «Somos unha potencia». Na súa traxectoria ten recibido o Premio Galicia 1985 da Universidade de Santiago polo poemario “Historia do rock and roll”, o Premio da Crítica de Galicia 2001 pola súa obra audiovisual e literaria, o VII Premio Fundación Érguete 2005 á Comunicación Solidaria, o Premio de honra Pedigree 2007 do Festival de Cans, o I Premio Internacional Ateneo de Ourense ao Fomento da Lectura 2012, a Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes 2021 como artista multidisciplinar e o Premio San Martiño de Normalización Lingüística -con Rompente- 2021.

Xabier Cordal

(A Coruña, 1965)

Licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago, comeza a traballar como profesor en 1989. Forma parte dos colectivos Ronseltz e Redes Escarlata. É autor de varios libros de poemas e numerosos artigos en xornais, revistas, medios políticos e sindicais. Tamén foi letrista do grupo Luar na Lubre e guionista do telefilme “A mariñeira”.

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
